

Texto: **JOSEPH CONRAD**
 Tradución: **EVA ALMAZÁN**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Narrativa K
 144 páxinas. 14,5x21 cm.
 ISBN 978-84-96957-62-6

Prezo: 14 €

O CORAZÓN DO NEGROR

...Figuras negras encrequenadas, deitadas, sentadas entre as árbores contra o apoio dos troncos, aferrándose á terra, despuntando dela a medias, medio borradas no luscofusco, en todas as actitudes posibles da dor, do abandono e da desesperación...



Marlow, un veterano mariñeiro inglés, recibe a encarga de ir á procura de Kurtz, un tratante de almafí perdido no corazón da selva africana. O encontro con el será a confirmación da farsante actitude colonialista, poñendo en tea de xuízo o seu carácter de cruzada moral e comercial.

Estamos no Congo belga, en plena colonización europea, e Marlow relátanos como remonta o río Congo nun barco vello, rodeado de perigos, internándose nun continente virxe e obxecto de rapiña. Marlow obsesiónase con aquel home, desaparecido no remoto. Mais, quen é Kurtz?

“O corazón do negror” é unha narración autobiográfica; a crónica dunha viaxe física e psicolóxica ao interior da irracionalidade humana, inspirada nos seis meses que Conrad pasou no Congo colonizado e devastado polo rei Lepoldo II de Bélxica. O autor móstranos sen maquillaxe a corrupción e o horror. O máis célebre relato curto de Joseph Conrad, convertido en libro de culto, foi escrito en 1899 e publicouse en 1902. Converteuse axiña nunha novela imprescindible, que amosa a hipocrísia colonialista, a escuridade do ser humano, e que cuestiona a civilización occidental.

A obra inspiroulle a Francis Ford Coppola unha das súas grandes obras cinematográficas, “Apocalypse Now”. Aínda que está ambientada na guerra de Vietnam, con Marlon Brando interpretando o papel de Kurtz, a película mantiña o espírito do relato de Conrad.

JOSEPH CONRAD (Berdichev, 1857-Inglaterra, 1924)

Józef Teodor Konrad Korzeniowski, de orixe polaca, naceu en Berdichev -actual Ucraína- e creceu na Polonia ocupada por Rusia. O seu pai, escritor e tradutor, foi arrestado polos ocupantes rusos e condeado a traballos forzados en Siberia por actividades políticas ilegais. Morreu no exilio xunto coa nai de Conrad cando este era moi pequeno. Desta traumática experiencia pode que derivara o seu rexeitamento contra o colonialismo.

Estudou en Cracovia, pero aos 16 anos marchou a Marsella para enrolarse na mariña francesa. Aos 21 comezou a servir na mariña mercante inglesa e xa en 1884 obtivo a nacionalidade británica, polo que cambiou o seu nome polaco polo de Joseph Conrad. Viviu en Londres e posteriormente en Kent. Navegou ata Bombay e o sudeste asiático, paraxes que lle inspiraron varias novelas.

O seu soño de visitar África cumpriuse en 1889, cando contribuíu ao acordo do Estado Libre do Congo. Como escritor, publicou os seus libros máis importantes entre 1887 e 1911; entre eles destacan “Lord Jim” (1900), “Nostromo” (1904) e “O corazón do negror” (1902). Os mariñeiros e a vida no mar son o eixo central de case toda a súa produción literaria, pero sobre todo a condición humana e a loita interna que mantén o individuo. Conrad está considerado como un dos grandes novelistas modernos en lingua inglesa. Morreu en 1924 e foi soterrado no cemiterio de Canterbury.